CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identificar progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Identificar algunhas características básicas de animais. - Responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas - Léxico básico elemental relativo a vivenda. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...). - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
8	Let's Dance!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer palabras de uso cotián	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostrar interese pola comunicación intercultural.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas - Léxico básico elemental relativo a vivenda. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
9	That's Delicious!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñecer palabras d euso cotián	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira.		
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse - Expresar o tempo :días da semana. - Identificar algunhas características básicas de obxectos e lugares. - Expresar o tempo : os meses .

Contidos

- Expresar o tempo :estacións do ano.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Léxico básico elemental relativo a lugares e contornos próximos de interese para o alumnado
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que vou empregar no ensino da lingua estranxeira pretende espertar nos alumnos e alumnas o pracer pola aprendizaxe e a comunicación noutras linguas e dotalos así dun conxunto de competencia clave que lles axudarán ao longo dos seus estudos. Polo tanto considero que un enfoque comunicativo, integrador e globalizado será fundamental na aula xa que permitirá chegar aos nenos e nenas a situacións contextualizadas conectadas coas súas experiencias e coñecementos previos e favorecendo todo tipo de aprendizaxes (visual, verbal, auditivo, táctil, musical...).

As actividades propostas serán variadas (observación, comprensión, expresión, creación, investigación...), adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe dos cativos e cativas e terán un importante compoñente lúdico (cancións, contos, dramatizacións, xogos...).

Entre as estratexias que empregarei neste destacaría a denominada Total Physical Response (TPR) na que o alumnado ten que responder actuando. Deste xeito ademais de estimular o sistema cinestésico-sensorial favorecemos a comprensión de mensaxes orais que sentan as bases para a súa posterior expresión.

O método que imos seguir baséase na necesidade dunha aprendizaxe integrada de contidos e linguaxe, o que se coñece como CLIL (content and language-integrated learning). Xa que aprender inglés non se limita a aprender un conxunto de palabras senón tamén os conceptos que hai detrás delas.

Considerando que a comunicación oral é un obxectivo prioritario na educación primaria e baseándome na teoría denominada Immersion (que propón que o alumnado debe estar nun contexto exclusivo de fala inglesa), usarei a lingua estranxeira na aula tanto como sexa posible para que os nenos e nenas acaden confianza e seguridade á hora de empregala tanto para dirixirse a min coma ao resto de compañeiros e compañeiras. Deste xeito pretendo axudar aos alumnos/as a comprender e usar a lingua inglesa maximizando a súa exposición á mesma.

A corrección nas producións orais só se fará cando dificulten a comprensión e estimularerei aos meus alumnos e alumnas con reforzos positivos, valorando e facendo explícitos os seus éxitos.

No proceso de ensino-aprendizaxe favoreceré a atención individualizada e o traballo cooperativo, de xeito que ademais de coa miña axuda os nenos e nenas que o precisen contén coa axuda daqueles compañeiros e compañeiras con mellores aptitudes, exercendo unha especie de titoría entre iguais.

Os sistemas de agrupamento serán flexibles e incluírán actividades tanto en gran grupo coma individuais, en

pequeno grupo e en parellas. Fomentaremos que as interaccións que se establezan durante a realización de diferentes xogos e actividades sexan na nova lingua, o que suporá un valioso instrumento para a adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira. Mencionar ademais o traballo a través dos contos que permitirá desenvolver destrezas tanto de lectura como de escritura.

Finalmente sinalar que a materia de inglés desdoblárase en tódolos cursos de Educación Primaria, medida recollida na Memoria Anual co fin de atallar unha das principais dificultades detectadas no alumnado. Dito desdoble terá lugar en 3 das sesións trimestrais coas que contamos para impartir esta lingua no primeiro curso. Deste xeito pretendemos:

Desenvolver a atención á diversidade dun xeito máis efectivo.

Acadar clases máis participativas.

Fomentar unha aprendizaxe máis práctica da lingua estranxeira coa evidente mellora nas destrezas orais (comprensión e expresión) dos alumnos e alumnas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Student's book: Go Far 1!
Notebook ou caderno escolar
Libros de lectura e Revistas
Páxinas web e plataformas dixitais
Libro dixital e en papel do profesor (teacher's book)
Biblioteca de. Aula e de centro
Familias do alumnado
Saídas e visitas ao teatro, cine, exposicións e museos
Rimas e cancións.

O libro do alumnado (student's book) contén unha unidade de benvida e 6 unidades que inclúen á súa vez seis leccións nas que se traballa de xeito integrado, vocabulario, gramática, comprensión de historias, expresión escrita, habilidades para a vida (Life skills), aprendizaxes relacionadas coa cultura e a vida en países de fala inglesa, propostas e traballos en grupo para rematar cunha unidade de repaso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dado o carácter formativo e continuo da avaliación, esta ha de extenderse ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. O primeiro momento clave da mesma e o da avaliación inicial, que ten en conta o punto de partida do alumnado e valora os seus coñecementos previos, para deste xeito facilitar a planificación das aprendizaxes a desenvolver para o logro das competencias básicas.

Por iso ao comezo de curso levarase acabo a avaliación inicial ou de diagnose para coñecer o nivel competencial do alumnado.

Os instrumentos que se utilizarán para a avaliación inicial serán os seguintes:

- Unha ficha de rexistro da información obtida a través da observación directa do desenvolvemento do alumnado na aula.

- Análise da comprensión e das producións dos alumnos/as.

Producións orais.

Comprensión de instrucións.

Resolución das actividades.

Interaccións en pequeno grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	5	15	15	15	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA EN ACTIVIDADES DE AULA.

35%

LIBRETA, LIBRO, CADERNO DE CLASE, TAREFAS E PORTFOLIO.

40%

ACTITUDE, COMPORTAMENTO E INTERESE.

25%

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Entre as actividades de recuperación e reforzo que imos a levar a cabo con aqueles alumnos/as que o precisen están:

A flexibilización da metodoloxía e dos tempos así como o uso dun vocabulario máis cercano ao alumno/a que lle facilite a comprensión das diferentes actividades.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade na área de linguas estranxeiras levarase a cabo a través:

- do traballo cooperativo
- da flexibilización do tempo
- da realización de actividades de reforzo e ampliación como poden ser fichas e proxectos
- do emprego de material interactivo
- do traballo no obradoiro de lectura
- de todo tipo de actividades lúdicas

- da presenza dun profesor/a de apoio na aula
- da titoría entre iguais

Asimesmo, tamén se se contempla unha flexibilización da metodoloxía e dos tempos así como o uso dun vocabulario máis cercano ao alumnado que lle facilite a comprensión das diferentes actividades.

Ademáis, segundo establece a Orde do 8 de setembro do 2021 cubrirase o Anexo I, que fai referencia ao informe individual final de curso sobre medidas de R.E.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Habilidades para a vida: perseverancia e autoestima.			X		X			
ET.2 - Habilidades para a vida: amizade e cooperación.	X			X		X		X
ET.3 - Habilidades para a vida: creatividade e cidadanía responsable.		X					X	
ET.4 - Habilidades para a vida: alfabetización dixital e uso seguro das tecnoloxías.	X	X			X		X	
ET.5 - Habilidades para a vida: responsabilidade, curiosidade e organización.	X		X	X		X		X

	UD 9
ET.1 - Habilidades para a vida: perseverancia e autoestima.	
ET.2 - Habilidades para a vida: amizade e cooperación.	
ET.3 - Habilidades para a vida: creatividade e cidadanía responsable.	X
ET.4 - Habilidades para a vida: alfabetización dixital e uso seguro das tecnoloxías.	X
ET.5 - Habilidades para a vida: responsabilidade, curiosidade e organización.	X

Observacións:

Nas diferentes unidades trabállanse elementos transversais fundamentais para o desenvolvemento do alumnado como son:

- A perseverancia e a autonomía. Preténdese que identifiquen e recoñezan os seus propios sentimentos e emocións e así ser quen de desenvolver valores e hábitos positivos que tamén melloren a relación cos compañeiros/as na aula.
- O pensamento crítico e a creatividade. A través do traballo en grupo, do intercambio de ideas e da investigación usando as novas tecnoloxías.
- A responsabilidade e a organización á hora de traballar en grupo e a curiosidade como motor das aprendizaxes.
- A erradicación de todo tipo de violencia ou desigualdade e a resolución pacífica de conflitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Halloween	A celebración de Halloween permítenos investigar sobre a orixe da mesma. Aprendemos cancións e vocabulario relacionado con esta actividade.	X		
Autumn Feast	Con motivo da celebración do Magosto (Autumn Feast) prepararemos varias relacionadas con esta estación do ano xogos, cancións, refrán	X		
Christmas	O festival de Nadal que se organiza no Centro con motivo desta celebración inclúe diversas actuacións nesta lingua.	X		
Easter	Nesta data organizamos actividades nas que decoramos ovos de Pascua, e facemos diversas tarefas relacionadas con esta data.		X	
World Book Day	Con motivo desta data traballamos diferentes obras literarias nesta lingua adaptadas para os máis pequenos.			X

Observacións:

As actividades complementarias ademais de ser unha oportunidade de aprendizaxe, fomentan a construción de vínculos entre as diferentes linguas e culturas. O alumnado amosa unha gran motivación, implicación e interese polas mesmas. Tamén contamos coa colaboración das familias tanto á hora de organizalas como de desenvolvelas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación permite flexibilizar sesións de traballo, agrupamentos, organización das actividades...
As aprendizaxes instrumentais incorpóranse axeitadamente.
A temporalización foi axeitada.
A adquisición de aprendizaxes e habilidades estivo ben equilibrada.

Metodoloxía empregada
Resulta clara a vinculación entre o currículo e o proceso que se levou a cabo na aula.
Queda claro o enfoque competencial.
Os criterios establecidos facilitan a avaliación continua e autoavaliación.
O alumnado sentíuse motivado polos retos e desafíos que se plantexan.
As interaccións entre o alumnado fanse progresivamente máis fluidas e son un estímulo para o traballo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O proceso levouse a cabo con fluidez.
Medidas de atención á diversidade
As actividades contribúen a que o alumnado adquira autonomía progresivamente.
Clima de traballo na aula
A convivencia na aula e as relacións van avanzando positivamente ao longo do curso.

Descrición:

Tal e como recolle a normativa vixente o profesorado debe avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa práctica docente. Os indicadores de logro descritos fan referencia a avaliación da práctica docente por parte do alumnado en relación a aspectos como a interacción profesorado/alumnado e clima na aula, contidos, organización do grupo-aula, materiais e a propia avaliación do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e as propostas de mellora necesarias requiren da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de Lingua Estranxeira. Neste caso son os seguintes:

- Ao finalizar a explicación de contidos das Unidades Didácticas faremos mapas conceptuais ou esquemas que nos permitan repasar e mellorar a organización de ideas.
- Usaremos as autoevaluacións e coavaliacións para detectar e resolver posibles dificultades.
- Rexistraremos na ficha individual do alumnado aqueles aspectos que precisan reforzar e proporemoslles actividades adaptadas.
- Abordaremos aqueles contidos que poidan resultar máis complexos cun enfoque integrador e interdisciplinar, de xeito que o alumnado poida establecer relacións e conexións entre as aprendizaxes.
- Revisaremos periodicamente a programación para poder axustar e modificar aqueles aspectos que así o requiran (temporalización, metodoloxía....)

9. Outros apartados